

INGLÉS:  
**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
ED. INFANTIL**

**2021/22**



# **GUIÓN**

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O CENTRO E O SEU ENTORNO

O ALUMNADO DO CENTRO

## **2. OBXECTIVOS E CONTIDOS XERAIS**

## **3. COMPETENCIAS BÁSICAS**

## **4. METODOLOXÍA**

## **5. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DO TEMPO**

## **6. MATERIAIS E RECURSOS**

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **8. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS**

## **9. EDUCACIÓN EN VALORES**

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

No mundo actual, cada vez máis globalizado, no que están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías, así como a distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

Galicia está a participar de cheo nas relacións internacionais en todos os eidos. A necesidade de coñecer outras linguas faise cada vez máis evidente na Europa de hoxe. É este coñecemento o que posibilita o contacto con costumes e formas de vida diferentes e o que promove unha actitude de tolerancia e respecto cara a outros países, aos seus falantes e á súa cultura. A nosa comunidade non é tampouco allea aos movementos migratorios que están a acontecer no mundo e de aí que, desde unha perspectiva integradora, a función da lingua como ferramenta de mediación teña no noso caso especial relevancia. Ademais, o dominio e uso de linguas estranxeiras non só fomenta as relacións interpersoais - favorecendo a formación integral do individuo- senón que tamén nos permite comprender mellor a lingua propia desde unha visión máis ampla e rica da realidade.

A Unión Europea defínese a si mesma como unha comunidade multilingüe. O concepto de multilingüismo fai referencia tanto á capacidade dunha persoa para utilizar varios idiomas como á coexistencia de diferentes comunidades lingüísticas nunha zona xeográfica determinada. Na nosa comunidade, o estudo de varias linguas estranxeiras en contexto escolar ten unha finalidade que supera o simple multilingüismo. Adoptando o enfoque plurilingüe promovido polo Marco Común Europeo de Referencia, a presenza de varias linguas estranxeiras no currículo da educación secundaria obrigatoria pon énfase no feito de que as persoas, conforme se amplía a súa experiencia lingüística e o contacto coas linguas doutros pobos, desenvolven unha competencia comunicativa plurilingüe conformada por todos os seus coñecementos e experiencias lingüísticas e nela as linguas aprendidas relaciónanse entre si e interactúan.

A competencia plurilingüe estase a conformar como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da herdanza lingüística, como fonte de enriquecemento mutuo. Esta competencia permitiralles ás alumnas e aos alumnos relacionar, de modo significativo, as distintas culturas ás que teñen acceso mediante os seus coñecementos lingüísticos e lograr unha mellor comprensión delas. As competencias lingüística e cultural respecto de cada lingua modifícanse mediante o coñecemento mutuo e contribúen a crear unha conciencia, unhas destrezas e unhas capacidades interculturais. Permiten que as alumnas e os alumnos desenvolvan unha personalidade máis rica e complexa, melloran a capacidade de aprendizaxe posterior de novas linguas e de apertura a novas experiencias culturais. Tales competencias permitiránlle ao alumnado axudar como mediador a

conseguir algún grao de comunicación entre persoas que non teñan unha lingua común e carezan, xa que logo, da capacidade para comunicarse.

Xunto con todo o anterior, o sentido e as funcións desta materia veñen determinados tamén por razóns profundamente educativas, derivadas da contribución que realiza ás competencias básicas e aos obxectivos educativos xerais. O proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, compense as desigualdades de partida axudando á integración social, teña en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe e posibilite o acceso a datos de interese.

### 1.1. O CENTRO E O SEU ENTORNO

O Instituto está situado na localidade de Pontecarreira-Gafoy, pertencente ao Concello de Frades. O Concello de Frades, cunha superficie de 81,7 quilómetros cadrados e goza dunha situación céntrica no corazón da Provincia de A Coruña. A poboación do Concello de Frades é de en torno aos 2339 habitantes e está dividida en 12 parroquias rurais.

Na actualidade, este concello conta cunha economía maiormente agrícola e gandeira e polo tanto as familias ás que se lle dá cobertura traballan en algunha das múltiples explotacións agropecuarias da contorna.

No aspecto cultural e de ocio existen entidades, como a Biblioteca Municipal e diversas asociacións culturais. Polo que as actividades deportivas se refire, cóntase con varias áreas deportivas distribuídas en distintos puntos do Concello (unha piscina municipal ao aire libre , un pavillón polideportivo e varios campos de fútbol).

### 1.2. O ALUMNADO DO CENTRO

Dado que o alumnado deste centro procede maioritariamente dun estrato social medio-baixo , e que esta zona non é turística, o contacto do noso alumnado coa lingua inglesa está basicamente limitado ao ámbito escolar.

## 2. OBXECTIVOS E CONTIDOS NO BLOQUE DA LINGUAXE: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

### 2.1. OBXECTIVOS

- Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis correcta, expresando ideas, sentimentos e desexos en conversacións colectivas, adaptándose ás distintas situacións de comunicación e respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Progresar na expresión oral introducindo nas súas producións variacións morfolóxicas, utilizando as palabras do vocabulario e construíndo frases cunha estruturación correcta.
- Progresar na linguaxe oral producindo sons, sílabas e palabras con soltura, para así poder acometer a linguaxe escrita con éxito.
- Valorar a linguaxe escrita como medio de información e comunicación, descubriendo e identificando os seus instrumentos e elementos básicos.
- Ler, interpretar, ordenar e producir imaxes seguindo unha secuencia temporal, adestrándose así para a lectura, cunha actitude de interese e gozo.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, amosando actitudes de valoración, divertimento e interese cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de entretemento e gozo.
- Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.
- Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara a lingua, tanto propia como estranxeira.
- Utilizar as posibilidades da expresión plástica, musical e corporal para representar obxectos, situacións, ideas... ampliando as súas posibilidades comunicativas e desenvolvendo a creatividade.

- Comprender as mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entender a importancia e a necesidade de utilizalos moderadamente.
- Representar obxectos, situacións e persoas a través das distintas técnicas da expresión plástica.
- Respetar as creacións artísticas dos seus compañeiros e compañeiras e do medio cultural ó que pertencen.
- Recoñecer e identificar os sons do propio corpo e os do medio.
- Identificar as cores primarias e a gama de cores secundarias.

## 2.2. CONTIDOS

- Contos das unidades.
- Vocabulario relativo ás unidades.
- A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión de distintos contidos e intencións.
- Situacións de comunicación oral.
- Textos de tradición oral: contos, poesías, refráns, cancións, adiviñas, trabalinguas...
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Formas socialmente establecidas para solicitar, agradecer e despedirse.
- A linguaxe escrita como medio de comunicación.
- Instrumentos que vehiculan a lingua escrita: imaxes, etiquetas, carteis, libros, revistas...
- O xénero e o número.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos da unidade, se poidan introducir.
- Materiais e técnicas da expresión plástica.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- Cores primarias e gama de cores secundarias.
- Contrastes claro-escuro nas diferentes cores.
- Cancións infantís.
- Achegamento ós textos da tradición cultural inglesa, comprendéndoos e reproducíndoos.
- Recitado de rimas, descubrindo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.

- Participación en conversas colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Produción de mensaxes progresivamente máis complexas, combinando o xesto, a palabra, a mirada e a entoación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais percibindo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Utilización axustada da información que proporcionan os diferentes soportes da lingua escrita: libros, revistas, carteis,...
- Posibilidades de utilización dalgúñas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles.
- Uso adecuado das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse.
- Atención, asimilación e reprodución de textos lidos polo mestre/a.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo, de entretemento e divertimento.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e aprender.
- Comparación de imaxes establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Control da direccionalidade nas actividades gráficas.
- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos,...).
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación virtual.
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e comunicación.
- Dramatización de textos literarios.
- Produción de obras plásticas, musicais e dramáticas que desenvolvan a creatividade.
- Emprego dos diversos materiais e técnicas da expresión plástica para realizar obras que desenvolvan a súa creatividade.
- Uso das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Recoñecemento das cores necesarias para obter outra cor.

- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Representación individual e colectiva de obras inventadas ou coñecidas.
- Control da direccionalidade en actividades gráficas.
- Identificación de sons producidos polo corpo e polo medio.
- Interpretación de mensaxes corporais expresadas por outros.
- Deleite coa audición de contos e poemas.
- Desexos de mellorar a expresión oral.
- Esfuerzo por aumentar progresivamente o seu vocabulario e producir frases correctamente estruturadas.
- Actitude positiva cara a lingua estranxeira.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto e gozo coas actividades plásticas.
- Pracer coas actividades musicais.
- Interese por coñecer os útiles e técnicas da expresión plástica.
- Deleite co descubrimento das posibilidades expresivas do corpo.
- Actitude de escoita nas interpretacións musicais e dramáticas.
- Respecto cara ás obras plásticas dos demais.
- Pracer ó experimentar coas cores.

### **3. COMPETENCIAS BÁSICAS**

Todas as competencias, debido ao carácter globalizador da etapa de Educación Infantil, incluíránse nas actividades rutinarias, e dicir, non suporán unha ruptura nas súas actividades diarias, cunha metodoloxía igual á que se utiliza na aula tendo en conta que ao marxe das actividades aquí expostas, traballaremos as competencias en todas as actividades que se realizan na aula, apoiándonos nos materiais gráficos, lúdicos, plásticos,... que utilizamos no proceso de ensinanza.

A avaliación das actividades atende aos principios básicos da avaliación infantil (continua, formativa, integral e aberta) e atenderá ao proceso de ensino-aprendizaxe e da propia actividade.

Os contidos relacionados coas competencias quedan organizados da seguinte forma:

#### **a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**



Refírese ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. As destrezas de falar e escoitar son prioritarias en lingua galega e castelán e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Expresar e comprender mensaxes orais.
- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario axeitado á idade.
- Escoitar e respectar as opinións dos compañeiros e compañeiras.
- Describir persoas, obxectos e situacións.
- Observar e describir debuxos, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- Interpretar imaxes en voz alta.
- Comprender a información dos contos lidos polos adultos.
- Iniciarse na comprensión da información visual de viñetas, ilustracións dos contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas...
- Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá.
- Saber dialogar sobre os diferentes temas relacionados cos seus intereses e formar progresivamente xuízos críticos.
- Expresar en voz alta desexos, gustos, intereses, preferencias e necesidades.
- Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- Empezar a coñecer e a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ao ton da voz, ao ton, ás pausas, aos xestos...
- Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións.

OS CONTIDOS que desenrolan esta competencia son:

- Utilización progresiva da lingua oral, relatando feitos e comunicando feitos e sentimentos.
- Uso progresivo dun léxico variado e preciso.
- Escoita de forma comprensiva de contos, poemas, adiviñas, etc.
- Achegamento á lingua escrita a través de imaxes, pictogramas e palabras.
- Utilización da biblioteca escolar dun xeito correcto.

- Experimentación e utilización de xestos e movementos como recursos de expresión (danza, mímica, etc.)

AS ACTIVIDADES que desenrolan esta competencia:

**Carteis de identificación:** refírense ás zonas da aula, obxectos, materiais, mobiliario, así como conceptos básicos a traballar ( formas xeométricas cores números, nomes dos alumnos/as, vocabulario, rutinas.). Presentaranse tanto en maiúscula como en minúscula.

**Contos. Imaxes secuenciadas:** os conto por ser motivadores e atractivos xeran multitude de actividades e secuenciándoos con imaxes favorece que o alumnado structure e organice a historia narrada , favorecendo a utilización e valoración da Lingua oral .

**Poesías, adiviñas, retahilas,...** A través do aprendizaxe memorístico de textos de tradición oral que apoiarán os textos escritos ou ilustrados que se atoparán no recuncho da biblioteca.

**Pictogramas:** o seu uso servirá de iniciación ao aprendizaxe lecto- escritor, estimulando a súa capacidade comunicativa.

## b) COMPETENCIA MATEMÁTICA

Preténdese desenrolar e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiás mostrando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Iniciarse na utilización da linguaxe matemática para expresar ideas.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades.
- Establecer relacións sinxelas entre os obxectos.
- Realizar pequenas clasificacións atendendo a criterios sinxelos.
- Comezar a situarse espacial e temporalmente.
- Coñecer os cinco primeiros elementos da serie numérica.

OS CONTIDOS que a desenrolan son:

Percepción e identificación das cualidades de obxectos e materiais do entorno.

- Situacións de si mesmos e dos obxectos no espazo (dentro/fora – enriba/debaixo – Arriba/abaixo – cerca/lonxe,...)
- Relacións de orde, seriacións, clasificación, secuencias temporais, puzzles.
- Exploración de obxectos de forma plana.
- Aproximación á serie numérica e ás súas grafías.

As ACTIVIDADES que se levarán a cabo de xeito permanente durante o curso son:

**O calendario**, representando os días da semana, de diferentes cores contabilizando os días do mes , e que favorece que os nenos/as adquiran unha progresiva noción do paso do tempo

**O cadro do horario**, actividades que se levarán a cabo diariamente que estarán ordenadas no tempo de xeito numérico, acompañadas de imaxes gráficas representativa da actividade.

### c) COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

Os nenos interactúan coas persoas, obxectos, explorando o espazo e o tempo, ampliando deste xeito o seu coñecemento do mundo.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Observar o seu ámbito próximo e interactuar con el.
- Desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable nun ámbito limpo e coidado.
- Percibir o seu ámbito físico, algúns dos cambios que nel se producen coa chegada das diferentes estacións.
- Comezar a utilizar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor os seres vivos do ámbito que o rodea.
- Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, interactuar co medio próximo.
- Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
- Respetar plantas, animais, obxectos...
- Orientarse nos espazos onde desenvolve a súa actividade cotiá na escola e no fogar.

- Empezar a situarse no tempo.
- Identificar e definir algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanos e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.
- Participar nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, ao igual que os corredores e recreos do centro, a casa, a rúa...

OS CONTIDOS que a desenrolan son:

- Identificación de elementos da natureza: auga, sol plantas terra.....
- Observación e valoración das características e cambios dos seres vivos: as estacións,ciclo vital,etc.
- Observación do tempo atmosférico e os seus cambios.
- O coidado e respecto hacia os animais e as plantas . Os alimentos de orixe animal e vexetal.
- Coñecer e valorar profesións.
- Coñecer e valorar as festas populares inglesas.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo.

AS ACTIVIDADES que a desenvolven son:

**Saídas ao entorno:** asociadas ao centro de interese traballado.relacionadas tanto coa natureza , animais e profesións.

**Manipulación do Calendario atmosférico** a través de tarxetas que representan os distintos fenómenos atmosféricos e da observación directa .

**Festas populares.** Recrear na aula e no centro coa participación activa de todos os alumnos de aquelas festas populares que permanecen arraigadas na nosa cultura e na inglesa,favorecendo a vivencia nelas e acercándonos a súa propia capacidade de percepción.(Halloween, Christmas, Easter,....).

**Banco da Paz.** Lugar ubicado no recanto das emocións da aula e adonde acuden a resolver os conflitos e as pequenas diferencias que poidan xurdir tanto na aula como fóra dela, mediante o diálogo e sen a intervención do docente .

d) TRATAMENTO DE INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

Os alumnos de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e con algúns dos seus usos.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Adquirir os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
- Utilizar, de xeito guía, algúns xogos educativos de ordenador.
- Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- Empezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

OS CONTIDOS que a desenrolan son:

- Achegamento ás producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos.
- Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Iniciación do uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de soido e imaxe como elementos de comunicación.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías e a comunicación.
- Iniciación no coñecemento e uso de instrumentos tecnolóxicos como cámara fotográfica, teléfono.... como elemento de comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso de xeito moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

AS ACTIVIDADES que se levarán a cabo son:

**Xogos simbólicos** . No recanto da aula os alumnos/as a través de xogos farán practicas do uso do teléfono e xunto coa elaboración da axenda telefónica tomarán conciencia das ventaxas dos medios de comunicación.

**Uso dos diferentes medios audiovisuales** (TV, DVD, video, radio casete, etc) como soporte de diferentes actividades ao longo de todo o curso.

#### e) COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

A través da que coñeceran as formas de comportamento, e serán competentes para escoitar, respetar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda....etc.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Saber escoitar os seus compañeiros e compañeiras e os adultos.
- Resolver os pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá utilizando o "diálogo".
- Saberse relacionar.
- Establecer vínculos e relacións construtivas cos compañeiros e compañeiras.
- Saber convivir e respetar os demais.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos compañeiros e compañeiras e cara a si mesmo/a.
- Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- Rexeitar a desigualdade valorando, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
- Comezar a desenvolver as habilidades necesarias para traballar en grupo.

- Desenvolver hábitos de comportamento axeitados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
- Aceptar normas de convivencia.
- Coñecer algunhas obras artísticas e culturais do seu ámbito.
- Ser capaz de aceptar as diferenzas, as culturas, as crenzas, as características persoais,..., dos seus compañeiros e compañeiras.
- Comezar a compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas.

OS CONTIDOS son:

- A familia: Composición da mesma e as relacións de parentesco.
- Respecto ás normas familiares.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.
- O colexio: nenos e adultos .
- Identificación dos espazos habituais do colexio: clase, servizos, patio e actividades que se realizan nelas.
- Comportamentos adecuados e inadecuados na rúa.
- Coñecemento e respecto das normas de convivencias tanto familiar como escolar. Normas básicas de educación vial.
- Participación activa en actividades sociais, culturais: Carnival, Christmas, Peace....

AS ACTIVIDADES que as desenvolven son:

**Normas de aula.** Que favorecen e regulan a convivencia entre o alumnado. Representarase graficamente e se ubicará nunha zona visible para que serva sempre de referencia.

**Dramatizacións.** A través delas os nenos/as asumen e representan diferentes roles sociais que lles farán vivenciar distintas situacións reais e imaxinarias. Fomenta de forma lúdica a adquisición das habilidades sociais

#### f) COMPETENCIA CULTURAL E ARTISTICA

Contribúe ao coñecemento, comprensión e valoración das manifestacións culturais e artísticas.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Saber apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual,..., para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas.
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para saber percibir e comprender producións artísticas e culturais.
- Comprender e representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
- Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.

OS CONTIDOS son:

- Descubrimento das cores primarias: green, pink, white e black.
- Realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas.
- Recoñecemento de sons do entorno natural e social e de instrumentos musicais.
- Interpretación de cancións
- Realización de movementos de expresión corporal.:dramatizacións, baile e xogo simbólico
- Recoñecemento e participación nas actividades sociais e culturais do entorno.

AS ACTIVIDADES que a desenvolven son:

**Presentación de diferentes técnicas plásticas:** coloreado, con diversos materiais, picado recortado, repasar debuxos con rotulador , punteado, collage, estampación etc. Isto proporcionará nos nenos o gusto por experimentar con distintos materiais e fomentando igualmente a súa autoestima ao observar a súa obra.

**Cancións e xogos tradicionais ingleses** .Achegamento aos nenos de xogos e cancións tradicionais doutros países e vendo as semellanza e diferenzas coas nosas tradicións.



### g) COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Esta etapa é fundamental para aprender disfrutando e facelo de forma eficaz e autónoma dacordo coas esixencias de cada situación.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá.
- Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
- Empezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- Saber pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
- Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
- Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Ser capaces de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Observar, explorar e manipular obxectos.
- Aprender a aprender gozando.
- Comezar a respectar normas básicas sobre o traballo.
- Utilizar os recursos e materiais de forma axeitada.

OS CONTIDOS que a desenvolven son:

- Hábitos de organización, atención, constancia, observación e esforzo.
- Habilidades para establecer relacións de afecto e amizade.
- Nocións básicas de orientación espacial.
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas e motrices propias e alleas.
- Psicomotricidade: Actividade motriz, xogos con obxectos, circuitos e relaxación.
- Control postural do corpo e movemento. Grafomotricidade
- Comprensión, valoración, e aceptación das regras de xogo.

- Iniciativa e progresiva autonomía na realización de actividades da vida cotiá.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

AS ACTIVIDADES que a desenrolan:

**Actividades nos distintos recantos.** A información que en eles se atopa ofrece unha organización da actividade en pequenos grupos, o que favorece unha interacción mais cercana alumno/a. Compartir determinados materiais e xogos, estruturar o xogo a levar a cabo tendo en conta unhas normas de uso, posibilita poñer en práctica o aprendido e adquirir maior conciencia delo. As actividades dos recantos poden estar predestinadas ou ben poden recrearse de forma espontánea por parte dos rapaces, sempre guiadas e observadas por a docente.

#### h) COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL

Esta competencia constrúese dende o coñecemento de si mesmo e manifestase mediante o uso do seu propio corpo, cada vez con mais eficacia.

Os OBXECTIVOS relacionados con esta competencia son:

- Ser responsables coas pequenas decisións que toma.
- Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
- Ser capaz de empezar a buscar solucións aos pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá.
- Desenvolverse axeitadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- Desenvolver habilidades sociais: respecto polas opinións e necesidades dos demais, capacidade de diálogo e de traballo cooperativo, tolerancia.
- Identificar as propias emocións e as dos demais.
- Ir coñecéndose progresivamente a si mesmo/a.
- Continuar desenvolvendo a autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Mostrarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.

OS CONTIDOS que a desenvolven son:

- Exploración do propio corpo: esquema corporal
- Sensacións e percepcións.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e alleos.
- Autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Practica de hábitos saudables .hixiene corporal, alimentación completa, descanso.
- Utilización adecuada de espazos, elementos e obxectos.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía no seu desenrolo.
- Hábitos de organización, constancia, atención, observación e esforzo.
- Habilidades de colaboración para establecer relacións de afecto e amizade.
- Satisfacción por realizar tarefas e valoralas.

AS ACTIVIDADES que a desenrolan son:

**Cargos de aula. Funcións.** Os cargos de aula simbolizan e concretan a distribución das distintas responsabilidades a asumir por o alumnado, de maneira efectiva e asociándoos a funcións definidas. Estes cargos convén representalos de forma gráfica para evitar disputas entre o alumnado.

**Panel das emocións:** Lugar onde aparecen varias emocións e eles elixen o seu estado emocional.

#### 4. METODOLOXÍA

A incorporación das competencias básicas no currículo supón partir do principio de “**aprender a aprender**” e “**aprender facendo**”. Isto implica unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativa, que transfira situacións da vida real e que implique unha resolución de problemas da práctica. Polo que debemos ter en conta unha serie de aspectos:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado para poder realizar a intervención axeitada.
- Conectar cos seus intereses e necesidades.
- Proponer actividades atractivas dabondo para que aprecien a finalidade e utilidade dos novos contidos.
- Presentar situacións non moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provocar un conflito cognitivo que actúe como resorte para que os nenos e nenas propongan solucións para cada situación.

Para conseguir, polo tanto, que as aprendizaxes dos nenos e nenas sexan significativas traballaremos por PROXECTOS. Neste tipo de metodoloxía, as actividades de aula, os xogos e a participación das familias enténdense como os eixes principais:

- A **actividade** será a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento na presente programación, pois os máis pequenos precisan facer, manipular, experimentar,... estimulando, ao mesmo tempo, a súa creatividade, imaxinación e capacidade de observación. A ensinanza ten que ser activa, e darémoslle tempo e ocasións para que o alumnado participe e sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe. Fomentaremos a creatividade e o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.
- Unha das principais fontes de aprendizaxe será o **xogo**, dotándose de carácter lúdico todas as actividades e evitándose en todo momento a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e nenas, sendo o seu vehículo para relacionarse e aprender a realidade que os rodea.
- A **participación da familia** na escola é fundamental, pois as aprendizaxes a esta idade están centradas nas súas vivencias, nas rutinas da vida cotiá. Debe existir unha continuidade entre o que fan dentro da escola e o que fan fóra dela. Neste sentido establécense entre a familia e a escola criterios e pautas de actuación para favorecer o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento da personalidade dos nenos e nenas. Os pais estarán informados sobre aspectos educativos importantes que se van traballar cos seus fillos e proporcionaráselles información sobre todo o que crean conveniente relativo aos seus fillos e fillas.

Os PROXECTOS que se leven a cabo durante o curso estarán relacionados coas propostas do alumnado. Ademais, como o que buscamos é desenrolar proxectos de investigación e que a PARTICIPACIÓN do alumnado sexa a maior posible en todas e cada unha das fases do proxecto ensinanza-aprendizaxe, incluída a planificación e a toma de decisións, debemos, ás veces, facer suposicións de cómo responderán os alumnos/as e os resultados que poidamos obter. Entendemos unha programación como un plan de traballo que iremos reorientando segundo as necesidades, intereses e subxestións do alumnado.

As tarefas e actividades incluídas no proxecto poden ser entendidas como problemas abertos que distintos alumnos/as (recordamos que estamos traballando con grupos heteroxéneos) deberán de solucionar de maneira creativa aportando solucións de acordo co seu propio nivel psicoevolutivo, características personais, intereses ou necesidades co apoio do grupo. Deste xeito é como se levan á programación, e polo tanto á aula, os conceptos de inclusión, atención á diversidade ou outros máis técnicos como zona de desenrolo próximo, aprendizaxe significativa...

Os proxectos comezan e rematan na assemblea, e é a assemblea quen ten que desenrolalos. As titoras propoñen, orientan, facilitan, median e fan a análise curricular das propostas da assemblea. Isto non debe significar unha maneira de programar anárquica, onde o currículo pérdese nas propostas dos alumnos/as que o descoñecen, senón como un sistema no que a mestra sabe aproveitar os intereses e necesidades do alumnado para destacar e realmente implementar o currículo legalmente establecido.

A secuencia xeral dos proxectos que nos xurdan ao longo do curso seguirá os seguintes pasos:

1. ASAMBLEA	2. ACCIÓN	3. ASAMBLEA
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Proponse ao grupo a situación de partida, pode ser o alumnado ou o profesorado.</li> <li>● Que podemos facer</li> <li>● Que queremos aprender</li> <li>● Como o imos facer</li> <li>● Como o imos avaliar</li> <li>● DESEÑO CONXUNTO DO PROXECTO</li> </ul>	Realizamos o proposto na assemblea	Valoramos o traballo feito. Propoñemos novas accións.

<b>PROXECTO: FASES DO PROXECTO E ACTIVIDADES A REALIZAR EN CADA UNHA ELAS</b>		
<b>1ª ) MOTIVACIÓN</b>	<i>Actividades de motivación</i>	<b>Conversación grupal:</b> - ... - ...

<b>2ª) ESTABLECIMIENTO DE IDEAS PREVIAS E PLANIFICACIÓN</b>	Actividades de coñecementos previos. (Planificación)	<p><b>“ ¿Que sabemos de .....?”</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Experiencias pessoais previas</li> <li>- Coñecemento previo por parte da familia, do neno/a, ....</li> </ul> <p><b>“ ¿Qué queremos saber? ”</b></p>
<b>3ª) BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN</b>	Actividades para obter e recopilar a información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntar á familia, veciños,....</li> <li>- Recopilar información que teñan nas súas casas.</li> <li>- Buscar información en biblioteca, museos,...</li> <li>- Buscar información en internet...</li> <li>- Consultar con organismos oficiais...</li> </ul>
<b>4ª) ORGANIZACIÓN DO TRABAJO</b>	Selección e clasificación dos materiais e datos. (Organización)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recopilar datos, seleccionar información en distintos formatos, clasificalos e organizalo, poñelo en común, elaboración de : presentacións de Power Point, gravacións, fotografías, murais, libros viaxeiros, exposicións,...</li> </ul>
<b>5ª) REALIZACIÓN E DESENVOLLO</b>	Actividades de desenrolo e profundización , de ampliación e reforzo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización dunha pequena exposición cos materiais aportados.</li> <li>- Exposicións e posta en común de todas as medidas e conclusións, para facer un documento final cun resumen das conclusións principais.</li> </ul>
<b>6ª) RECOPIACIÓN, EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN DE CONCLUSIÓN</b>	Actividades de síntese.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun dossier con todos os traballos realizados.</li> <li>- Realización de murais coas fotografías e cadros alusivos ao tema.</li> <li>- Presentacións en Power Point.</li> <li>- Realización libros viaxeiros, ....</li> </ul>
<b>7ª) AVALIACIÓN</b>	Actividades de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Avaliación inicial – punto de partida- analizaremos tanto en grupo como de maneira individual as necesidades de traballo..</li> <li>- A avaliación inicial condiciona a aval. continua e final, non tanto no plantexamento, se non en definir a que</li> </ul>

		<p><i>punto queremos chegar: que queremos saber, que queremos saber facer.</i></p> <p><i>-Outro momento será no desenrolo das tarefas, no transcurso das cales tanto as mestras como os alumnos/as avaliarán as pequenas metas propostas. Os documentos fundamentais de avaliación serán os dossieres personais e as realizacións grupais.</i></p> <p><i>- Avaliación final – todas as tarefas serán avaliadas, deste xeito imos desenrolando pouco a pouco a COMPETENCIA BÁSICA “aprender a aprender.</i></p>
--	--	--

## 5. ORGANIZACIÓN DOS ESPACIOS E DO TEMPO

Ademáis destes principios metodolóxicos compre ter en conta a organización espacio-temporal, axustándose á realidade do centro, do entorno e dos alumnos.

En canto á organización do tempo, esta debe respectar as necesidades do noso alumnado. Polo tanto, contemplamos tempos de actividade e descanso, tempos para o xogo espontáneo e o dirixido, tempos de actividades individuais e grupais, adaptándonos e respectando os ritmos de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe individuais.

Ao mesmo tempo, hai que ter en conta que os nenos e nenas están dotados dunhas rutinas ou ritmos diarios que lles serven de marco de referencia para a interiorización das primeiras secuencias temporais, polo que se fai necesario manter unhas constantes temporais: saúdo ao entrar, hora da merenda, lavado de mans, posta en común, despedida,...

En canto á organización do espacio é fundamental que os nenos e nenas o perciban como algo seu, para sentirse seguros, situarse nel, relacionarse co seu medio e cos demais e construír progresivamente a imaxe do entorno. A distribución da aula adaptarase ás súas necesidades e permitirá que se despracen con facilidade, accedendo libremente aos diferentes espazos.

Dispoemos de espazos propios e de espazos de uso común, para compartir, para estar sós e para relacionarse cos demais; favorecerase a integración, a manipulación de obxectos, a observación,... Fixaremos tamén recunchos e talleres para o xogo, actividades plásticas, construcións,... cos que o alumnado se familiarizará e poderá traballar o máis autonomamente posible, algúns dos cales serán fixos e outros mudarán en función da unidade didáctica traballada.

## **6. TEMPORALIZACIÓN**

As actividades de ensino-aprendizaxe temporalízanse en torno a proxectos trimestrais que partirán dos intereses que xurdan, no seu momento, do noso alumnado, garantíndose unha progresión dos contidos e adaptándoos ao nivel madurativo do alumnado. O noso plan de traballo irase reorientando segundo as necesidades, intereses e subxestións do alumnado.

Contémpanse tamén actividades que responden a todos os aspectos temporais que suceden durante o curso: festividades, estacións, días especiais, conmemoracións...

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado. Esta aceptación supón, por parte dos docentes, unha análise e reflexión sobre o seu grupo, así como a aceptación dos diferentes intereses, capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Esta aceptación implica non só atender ditas diferencias individuais, senón tamén poñer en xogo os elementos organizativos (materiais, espazos, agrupamentos, horarios, estratexias,...) en aras a cubrir as necesidades educativas –específicas ou non- de cada suxeito considerado individualmente.

Consecuentemente, para dar resposta a tódolos alumnos e alumnas artellaremos e empregaremos estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxe; ademais, as fichas de cada unidade non presentan orde de paxinación, para adaptalas á realidade educativa da aula e do alumnado.
- Adecuación da axuda pedagóxica.



- Adecuación da metodoloxía: os diversos tipos de aprendizaxe (individual, grupal,...) propician o carácter cooperativo da aprendizaxe e o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Adecuación das actividades ás diferencias individuais do alumnado.

Polo tanto, en cada unidade didáctica, realizaranse actividades de reforzo e/ou ampliación, tendo en conta que unha mesma actividade pode ser considerada como reforzo nun contexto escolar ou para un alumno determinados e como ampliación noutro contexto ou para outro alumno.

De igual forma, tamén contamos con recursos didácticos para o desenvolvemento da linguaxe, actividades relacionadas co ámbito musical e que, en todo momento, se require e precisa a colaboración da familia como complemento para a atención á diversidade.

## **8. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS**

A avaliación é un elemento curricular fundamental e inseparable da práctica educativa, que ten como fin recoller permanentemente información para axustar os procesos de ensino-aprendizaxe e contribuír á mellora da calidade do ensino. Implica tanto ao alumnado como ao propio sistema educativo no seu conxunto e a todos os profesionais que toman parte no proceso de ensino-aprendizaxe.

Non debe ser considerada como instrumento de medida, senón como un elemento inseparable do proceso educativo que contribúe a mellorar a actividade educativa.

Atenderá a todos os ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraran os datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e nenas.

Ten un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todas as actividades e non só en momentos illados e concretos.

A avaliación será **global** en tanto que afecta a todos os aspectos implicados no feito educativo coas interrelacións que se establecen entre eles; será **continua** porque se avalía de forma sucesiva ao longo de todo o proceso; será **formativa** porque nos permitirá coñecer os cambios producidos ao intervir con novos axustes; e será **aberta** porque se adaptará aos diferentes contextos.

Terá en conta os obxectivos fixados, os contidos curriculares dos distintos eidos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos: criterios de avaliación inicial, de avaliación final de nivel, de avaliación trimestral e de cada unidade didáctica.

Tras o período de adaptación de acollida realizaremos unha avaliación para analizar o grado de adaptación do pequeno ao colexio.

Realizaremos unha avaliación **inicial** ao comezo de cada secuencia de aprendizaxe, pois permitiranos determinar os coñecementos previos con que os nenos e nenas se inician en ditas secuencias e posibilitar, deste xeito, a construción de aprendizaxes significativas. Para que o proceso de aprendizaxe do alumnado teña os mellores resultados e coñecer a situación concreta de cada alumno ao finalizar cada unidade didáctica realízase un seguimento de cada neno a través de diferentes indicadores ou criterios de avaliación. Desta maneira e a medida que avanza o curso podemos valorar os progresos do alumnado, dificultades e progresos co fin de reorientar o seu percorrido e coñecer en que momento se atopa a súa aprendizaxe. Este seguimento serviranos, asemade, para realizar a avaliación **final** da unidade e o informe do **trimestre** para as familias.

Tamén realizaremos unha **avaliación anual** (avaliación de nivel) na que acopiaremos datos recollidos ó longo de toda a avaliación continua, aspectos significativos do desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno ou nena e, se é o caso, as medidas de reforzo levadas a cabo.

Ademais, tamén hai que levar a cabo unha **avaliación trimestral** na que se analizarán datos recollidos a través da avaliación continua e que nos permitirá conformar un informe trimestral e cubrir os boletíns de información para as familias.

A información proporcionada ás familias terá un carácter cualitativo, resaltándose os progresos e os logros dos nenos e nenas nas distintas áreas; agora ben, as familias serán informadas dos progresos, pero tamén das carencias e dificultades dos seus fillos.

Obxecto de avaliación tamén serán os procesos de ensino aprendizaxe e a propia práctica docente. Esta avaliación terá un carácter tamén continuo e formativo e fará referencia a aspectos tales como a adecuación das programacións, dos obxectivos e contidos, do clima establecido, da optimización das condicións organizativas, recursos dispoñibles, relación coas familias,....

De entre os **procedementos** de avaliación, a observación directa e sistemática é a técnica máis apropiada, permitíndonos realizar un seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a nosa intervención educativa en cada momento.

Outros procedementos que empregaremos con frecuencia son:

Diálogos cos nenos e nenas.

Valoración das actividades realizadas. Análise de traballos individuais, de expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais,...

Observación do comportamento dos nenos e nenas.

Valoración das actividades realizadas

Reunións periódicas co resto do profesorado que imparte docencia no grupo.

Para dar cumprimento ao sinalado anteriormente contamos seguintes **instrumentos** de avaliación:

Diario docente

Informe diario

Entrevistas coas familias.

Rexistro diario de incidencias.

Probas escritas, probas orais, traballos individuais.

Rexistro de avaliación individual ao final de cada PROXECTO

Rexistro de avaliación da propia práctica educativa.

## 8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR NIVEL

### ❑ 3 ANOS

- saludar e despedirse en inglés
- identificar algunhas cores
- recoñecer e nomear algúns obxectos da aula
- recoñecer e nomear algunha dependencia ou obxecto da casa
- identificar e nomear algún membro da familia
- aprender algunha canción en inglés
- familiarizarse co vocabulario específico da temática dos proxectos levados a cabo
- comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés
- respetar as normas de comportamento da aula
- amosar comprensión mediante resposta física
- comprender globalmente un conto sinxelo
- respetar as regras dos xogos

### ❑ 4 ANOS

- saludar e despedirse en inglés
- identificar varias cores
- recoñecer e nomear varios obxectos da aula
- recoñecer e nomear varias dependencias ou obxectos da casa
- identificar e nomear varios membros da familia
- aprender varias cancións en inglés
- familiarizarse co vocabulario específico da temática dos proxectos levados a cabo
- comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés
- respetar as normas de comportamento da aula
- amosar comprensión mediante resposta física
- comprender globalmente varios contos sinxelos
- respetar as regras dos xogos

### ❑ 5 ANOS

- saludar e despedirse en inglés
- reproducir frases feitas en inglés

- identificar todas as cores
- recoñecer e nomear obxectos da aula
- recoñecer e nomear dependencias ou obxectos da casa
- identificar e nomear membros da familia
- aprender cancións en inglés
- familiarizarse co vocabulario específico da temática dos proxectos levados a cabo
- comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés
- respetar as normas de comportamento da aula
- amosar comprensión mediante resposta física
- comprender globalmente contos e historias
- respetar as regras dos xogos

## 8.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Grado de implicación dos nenos e do docente.

Relación entre o docente e os alumnos.

Grado de potenciación do traballo en equipo.

Percíbese un ambiente de confianza, fluído, relaxado,...

Adecuación das actividades ao grupo-clase.

Adecuación das propostas metodolóxicas

Grado de participación das familias.

A organización do tempo:

- o Foi flexible.
- o Respectáronse os ritmos xerais e particulares.

A organización do espacio foi axeitada:

- o Favoreceu os desprazamentos
- o Favoreceu a autonomía
- o Favoreceu o intercambio de ideas
- o Fomentou o espírito de orde.

Os materiais empregados:

- o Estaban ao alcance de todos.
- o Localizábanse visualmente con facilidade.
- o Resultaron educativos, motivadores, atractivos, suficientes, seguros,..

## 9. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta á globalidade deste. Non se trata dun conxunto de ensinamentos autónomos, senón dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, que deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos:

### **Educación moral e cívica**

Pretende o desenvolvemento moral da persoa, como parte fundamental da construción do autoconceito, así como educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo nos seguintes eixos de contidos:

- Autoestima, aceptación e confianza en si mesmo.
- Discriminación de comportamentos adecuados.
- Autocrítica: recoñecemento de erros, valoración da súa propia actuación.
- Responsabilidade, compromiso persoal.
- Regulación do propio comportamento, autocontrol.
- Defensa dos propios dereitos e opinións.
- Autonomía e iniciativa, planificación e secuencia da propia acción.
- Participación no grupo e no establecemento das normas.
- Respecto aos demais compañeiros e aos obxectos de uso común.
- Pautas de convivencia na escola e na familia.
- Axuda e colaboración cos seus iguais e os adultos.
- Interese por compartir amizades, obxectos, atención, etc.
- Uso de normas lingüísticas nos diálogos e conversacións en grupo.
- Interese por comunicarse cos demais.
- Expresión do afecto e dos sentimentos.

### **Educación para a paz**

O obxectivo é que o neno e a nena comprendan que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do descoñecemento e a falta de comunicación, e o mellor xeito de superar estes problemas é o diálogo e o respecto á diversidade. Os obxectivos e contidos deste eixo están relacionados con:

- Resolución pacífica e progresivamente autónoma de conflitos.
- Utilización da linguaxe para resolver conflitos e aprender a dialogar.
- A non-violencia: actitude crítica fronte á cultura bélica que se transmite a través dos xoguetes, debuxos animados, xogos informáticos, películas...
- Coñecemento e valoración das diferenzas, evitando situacións de discriminación con respecto a sexo, etnia, cultura, profesións, clase social...
- Coñecemento e respecto doutras realidades, costumes e formas de vida.

### **Educación para a saúde**

O obxectivo é que o neno adquira coñecementos relacionados con coidados persoais (hixiene e saúde), alimentación e nutrición, educación sexual, prevención de accidentes e educación viaria.

### **Educación ambiental**

Centraremos no descubrimento do medio natural e no desenvolvemento de actitudes favorables para protexelo e conservalo:

- Sensibilización polos problemas ambientais.
- Hábitos de protección e coidado do medio.
- Respetto, valoración e implicación no mantemento do medio.
- Hábitos de protección e coidado de animais e prantas.
- Normas de utilización dos espazos urbanos.

### **Educación do consumidor**

A educación para o consumo responsable parte da reflexión sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. Expóñense, entre outros, estes contidos:

- O consumo responsable.
- Os xoguetes e o material escolar.
- A reciclaxe e a reutilización de materiais.
- A valoración crítica da publicidade...

### **Educación non sexista**

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns, mediante un esforzo formativo nos seguintes eixes de contidos:

- A expresión dos sentimentos e emocións en ambos os sexos.
- Construción dun autoconceito adecuado, evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas.
- Identificación e valoración da existencia de diferentes modelos de familia, evitando unha asignación previa de roles na repartición de tarefas.
- Aceptación e desenvolvemento por ambos os sexos de valores tradicionalmente considerados femininos (afectividade, sensibilidade, cooperación...) ou masculinos (tipo de actividade, autonomía, competitividade...).
- Cooperación e participación dos alumnos, independentemente do seu sexo, nas tarefas cotiás do fogar, na medida das súas posibilidades.
- Valoración do uso non-sexista dos xoguetes, desenvolvendo actividades de xogo compartidas e evitando a dicotomía entre xogos de nenos e xogos de nenas. Por outra banda, utilízase unha linguaxe coeducativa.



INGLÉS:  
**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
ED. PRIMARIA**

2021/22



# GUIÓN

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

1.1. O CENTRO E O SEU ENTORNO

1.5. O ALUMNADO DO CENTRO

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

## **3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

## **4. ESTÁNDARES AVALIABLES E CONTIDOS** (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación)

4.1. 1º E.Primaria

4.2. 2º E.Primaria

4.3. 3º E.Primaria

4.4. 4º E.Primaria

4.5. 5º E.Primaria

4.6. 6º E.Primaria

4.7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES NO MARCO DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

## **5. METODOLOXÍA**

5.1. DOCENCIA SEMIPRESENCIAL.

5.2. DOCENCIA NON PRESENCIAL.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

8.1. MATERIAIS CURRICULARES PARA O PROFESOR

8.2. MATERIAIS CURRICULARES PARA O ALUMNO

8.3. OUTROS MATERIAIS DIDÁCTICOS

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN**

9.1. RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

9.2. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

9.3. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

9.4. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

## **10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO**

9.1. RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

9.2. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

9.3. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

9.4. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

## **11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

**12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS**

**13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No mundo actual, cada vez máis globalizado, no que están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías, así como a distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

Galicia está a participar de cheo nas relacións internacionais en todos os eidos. A necesidade de coñecer outras linguas faise cada vez máis evidente na Europa de hoxe. É este coñecemento o que posibilita o contacto con costumes e formas de vida diferentes e o que promove unha actitude de tolerancia e respecto cara a outros países, aos seus falantes e á súa cultura. A nosa comunidade non é tampouco allea aos movementos migratorios que están a acontecer no mundo e de aí que, desde unha perspectiva integradora, a función da lingua como ferramenta de mediación teña no noso caso especial relevancia. Ademais, o dominio e uso de linguas estranxeiras non só fomenta as relacións interpersoais - favorecendo a formación integral do individuo- senón que tamén nos permite comprender mellor a lingua propia desde unha visión máis ampla e rica da realidade.

A Unión Europea defínese a si mesma como unha comunidade multilingüe. O concepto de multilingüismo fai referencia tanto á capacidade dunha persoa para utilizar varios idiomas como á coexistencia de diferentes comunidades lingüísticas nunha zona xeográfica determinada. Na nosa comunidade, o estudo de varias linguas estranxeiras en contexto escolar ten unha finalidade que supera o simple multilingüismo. Adoptando o enfoque plurilingüe promovido polo Marco Común Europeo de Referencia, a presenza de varias linguas estranxeiras no currículo da educación obrigatoria pon énfase no feito de que as persoas, conforme se amplía a súa experiencia lingüística e o contacto coas linguas doutros pobos, desenvolven unha competencia comunicativa plurilingüe conformada por todos os seus coñecementos e experiencias lingüísticas e nela as linguas aprendidas relaciónanse entre si e interactúan.

A competencia plurilingüe estase a conformar como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da herdanza lingüística, como fonte de enriquecemento mutuo. Esta competencia

permitiralles ás alumnas e aos alumnos relacionar, de modo significativo, as distintas culturas ás que teñen acceso mediante os seus coñecementos lingüísticos e lograr unha mellor comprensión delas. As competencias lingüística e cultural respecto de cada lingua modifícanse mediante o coñecemento mutuo e contribúen a crear unha conciencia, unhas destrezas e unhas capacidades interculturais. Permiten que as alumnas e os alumnos desenvolvan unha personalidade máis rica e complexa, melloran a capacidade de aprendizaxe posterior de novas linguas e de apertura a novas experiencias culturais. Tales competencias permitiranlle ao alumnado axudar como mediador a conseguir algún grao de comunicación entre persoas que non teñan unha lingua común e carezan, xa que logo, da capacidade para comunicarse.

Xunto con todo o anterior, o sentido e as funcións desta materia veñen determinados tamén por razóns profundamente educativas, derivadas da contribución que realiza ás competencias básicas e aos obxectivos educativos xerais. O proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, compense as desigualdades de partida axudando á integración social, teña en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe e posibilite o acceso a datos de interese.

### 1.1. O CENTRO E O SEU ENTORNO

O Instituto está situado na localidade de Pontecarreira-Gafoy, pertencente ao Concello de Frades. O Concello de Frades, cunha superficie de 81,7 quilómetros cadrados e goza dunha situación céntrica no corazón da Provincia de A Coruña. A poboación do Concello de Frades é de en torno aos 2339 habitantes e está dividida en 12 parroquias rurais.

Na actualidade, este concello conta cunha economía maiormente agrícola e gandeira e polo tanto as familias ás que se lle dá cobertura traballan en algunha das múltiples explotacións agropecuarias da contorna.

No aspecto cultural e de ocio existen entidades, como a Biblioteca Municipal e diversas asociacións culturais. Polo que as actividades deportivas se refire, cóntase con varias áreas deportivas distribuídas en distintos puntos do Concello (unha piscina municipal ao aire libre , un pavillón polideportivo e varios campos de fútbol).

## 1.2. O ALUMNADO DO CENTRO

Dado que o alumnado deste centro procede maioritariamente dun estrato social medio-baixo, e que esta zona non é turística, o contacto do noso alumnado coa lingua inglesa está basicamente limitado ao ámbito escolar.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai mais alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias clave no currículo ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais; permitirlle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos, e orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe, á metodoloxía, á organización dos centros educativos, ás relacións persoais e á participación de toda a comunidade educativa.

Coas materias do currículo preténdese que todas as alumnas e os alumnos alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias básicas. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha delas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias clave alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias. Ao seren as competencias un elemento organizador van ter influencia non só nos contidos e na avaliación senón tamén na metodoloxía.

O traballo nas materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias clave débese complementar con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e das aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, á análise do contorno físico, á creación, á convivencia e á cidadanía ou á alfabetización dixital. Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

Para os efectos da programación na materia de Inglés, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A incorporación das competencias ao currículo permite identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe.



A materia de inglés relaciónase moi directamente coa competencia en comunicación lingüística, pero, debido aos trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de aprender a aprender, a do tratamento da información e competencia dixital, a competencia social e cidadá, a competencia artística e cultural e a da autonomía e iniciativa persoal. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico, especialmente mediante a utilización da lingua estranxeira como instrumento de información con outros contidos do currículo.

#### a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCA)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autoregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

O desenvolvemento da competencia lingüística comporta o dominio da lingua inglesa oral e escrita –con distinto nivel dependendo do curso– en en múltiples contextos. Sen dúbida, a materia da lingua estranxeira contribúe á competencia en comunicación lingüística, pois ofrece máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender.

Contribución da materia á competencia lingüística:

- Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como produtivas.
- Ler, escoitar e falar sobre os distintos temas tratados.
- Transferir ao coñecemento da lingua estranxeira as estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas.
- Estar dispostos a utilizar a lingua estranxeira como vehículo de comunicación.
- Reflexionar sobre as estratexias de aprendizaxe utilizadas.
- Colaborar con compañeiros/as para negociar significados.
- Interesarse pola corrección na produción de textos orais/escritos.
- Interesarse por aplicar técnicas para lograr unha lectura ou unha produción oral máis eficaz.

## b) COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Require do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos. Para manexar a información usarase o CD, DVD, internet, programas de software específicos, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

Contribución da materia ao tratamento da información e competencia dixital:

- Utilización do dicionario, revistas, CD como materiais de búsqueda de información.
- Empregar materiais de referencia.
- Emprego do correo electrónico nas relacións de amizade entre falantes.

## c) COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Significa ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de cómo se aprende, e de cómo se xestionan e controlando de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

Contribución da materia á competencia para aprender a aprender:

- Reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e amosar interese por incorporar melloras que leven ao éxito na consecución das tarefas formuladas.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe (auto-avaliación).
- Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (dicionarios ou revistas) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.
- Estar disposto a avaliar e ser avaliado polos compañeiros/as.
- Utilizar a asociación como estratexia para memorizar vocabulario.
- Interesarse pola corrección na produción de textos orais/escritos.

#### d) COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira vai axudar ao desenvolvemento global das persoas. A contribución desta materia á competencia social e cidadá prodúcese a través de dúas vías: todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só aspectos exclusivamente lingüísticos, senón compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua.

Contribución da materia á competencia social e cidadá:

- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes como elemento favorecedor das relacións sociais e interpersonais.
- Colaborar cos compañeiros en tódalas tarefas lingüísticas a realizar.
- Estar disposto a consultar dúbidas cos compañeiros, profesor, libros de consulta, ...
- Interesarse polo traballo dos compañeiros/as respectando as súas opinións
- Ser receptivo aos distintos gustos e opinións.

#### e) SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

A autonomía e iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima.

Contribución da materia á autonomía e iniciativa persoal:

- Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (Internet, Dicionarios, Enciclopedias) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.
- Estar disposto a consultar dúbidas cos compañeiros, profesor, libros de consulta, ...
- Colaborar con compañeiros/as para negociar significados.
- Empregar a imaxinación para activar e aumentar coñecementos lingüísticos.

#### f) CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Isto é, favorece a tolerancia e o respecto polas outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e o respecto ao interlocutor.

Contribución da materia á competencia cultural e artística:

- Acceder ao coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falante, para lograr un mellor entendemento internacional.
- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes.
- Respetar as distintas normas que rexen as sociedades.
- Amosar tolerancia polas distintas personalidades e costumes, contrastando os costumes, a moda, os hábitos alimenticios dos países de fala inglesa cos nosos.
- Recoñecer as palabras inglesas habitualmente usadas na nosa lingua.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

A Educación Primaria contribuirá a desenrolar nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenrolar hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade e

no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade no aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con os que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenrolar hábitos de lectura.

- f) Adquirir en, polo menos unha lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolar as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotidiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenlando un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento personal y social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu cuidado.
- m) Desenvolar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquer tipo e a os estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### **4. ESTÁNDARES AVALIABLES E CONTIDOS**

Anéxanse os contidos por curso, relacionados con cada bloque de estándares avaliados de aprendizaxe e cuxas siglas están incluídas nestas táboas.

### Índice de abreviaturas empregadas nas táboas de estándares:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
P1: Probas escritas de comprensión de textos orais con preguntas de elección múltiple, verdadeiro/falso, resposta curta, táboas ou oracións para completar, ideas ou imaxes para relacionar, etc.	I1: Rexistro cuantitativo das probas.
P2: Observación do alumnado na aula.	I2: Rexistro cualitativo e/ou cuantitativo no caderno do profesorado.
P3: Probas de expresión orais (exposicións, monólogos, diálogos, dramatizacións, etc.)	I3: Rúbrica para a avaliación da expresión oral.
P4: Probas escritas de comprensión lectora con preguntas de elección múltiple, verdadeiro/falso, resposta curta, táboas ou oracións para completar, ideas ou imaxes para relacionar, identificación de vocabulario, etc.	I4: Rúbrica de produción escrita
P5: Probas de produción escrita	

#### 4.1.- 1º E.Primaria

Bloque 1. Comprensión de textos orais					
CONTIDOS: B1.1, B1.2					
ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	Comprende aceptablemente a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	X	X	X	P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO  P1, I1

PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	Comprende aceptablemente vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	X	X	X	P1, I1
PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	Comprende aceptablemente preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	X	X	X	P1, I1
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	Sigue case todas as instrucións e comprende aceptablemente as peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	X	X	X	P2, I2

## Bloque 2. Producción de textos orais

### CONTIDOS: B2.1, B2.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO
PLEB2.1. Fai presentación moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	Intenta facer presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	X	X	X	P1, I1
PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	Intenta preguntar e responder para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	X	X	X	P1, I1
PLEB2.3. Amona unha actitude de escoita atenta.	Esfórzase por amonar unha actitude de escoita atenta.	X	X	X	P1, I1
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais	Intenta reproducir comprensiblemente textos orais moi				P2, I2



moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	X	X	X	
--	--	---	---	---	--

PLEB2.5. Aмоса unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	Esfórzase por amосar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	X	X	X	P2, I2
--	--	---	---	---	--------

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

CONTIDOS: B3.1, B3.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO
PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	Comprende aceptablemente palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	X	X	X	P1, I1
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio	Comprende aceptablemente a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio				P1, I1

visual e identifica os e as personaxes principais.	visual e identifica os e as personaxes principais.	X	X	X	
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	Esfórzase por facer hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	X	X	X	P1, I1
PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente	Le aceptablemente en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente	X	X	X	P2, I2

#### Bloque 4. Producción de textos escritos

CONTIDOS: B4.1, B4.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO

<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>	<p>Escribe aceptablemente palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p>	<p>Intenta escribir pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	<p>Esfórzase por escribir frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</p>	<p>Revisa aceptablemente o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>

--	--	--	--	--	--

### Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

CONTIDOS: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	Identifica aceptablemente aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	X	X	X	P1, I1  P3, I3
PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	Recoñece aceptablemente e utiliza fórmulas básicas de relación social.	X	X	X	P2, I2
PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	Intenta participar voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.				P2, I2

		X	X	X	
PLEB5.4. Diferenza saídos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).	Diferenza aceptablemente saídos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).	X	X	X	P2, I2
PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	Intenta preguntar e responder de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	X	X	X	P2, I2
PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	Expresa e identifica aceptablemente estados de ánimo básicos (happy, sad...)	X	X	X	P3, I3 P5, I4
PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).	Expresa e identifica aceptablemente o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).	X	X	X	P1, I1 P3, I3 P4, I1 P5, I4

<p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>	<p>Intenta estruturar adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>		<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>
<p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>	<p>Diferenza aceptablemente preguntas e respostas moi simples.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P3, I3 P5, I4</p>
<p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>	<p>Memoriza aceptablemente rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1 P3, I3 P4, I1 P5, I4</p>
<p>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p>	<p>Intenta participar activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p>		<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>

PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	Comprende aceptablemente e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.			X	X
					P2, I2

#### 4.2.- 2º E.Primaria

Bloque 1. Comprensión de textos orais					
CONTIDOS: B1.1, B1.2					
ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descricións de lugares, gustos ou afeccións)</p>	<p>Intenta producir mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións)</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</p>	<p>Esfórzase por producir textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado..</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.</p>	<p>Uso aceptable, a maior parte das veces, do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos..</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>
<p>PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</p>	<p>Presenta aceptablemente os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</p>				<p>P2, I2</p>



		X	X	X	
PLEB5.2. Aмоса curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	Intenta amosar curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	X	X	X	P2, I2
PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	Inicia e remata aceptablemente as interaccións adecuadamente..	X	X	X	P2, I2
PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	Pregunta e responde aceptablemente de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	X	X	X	P2, I2
PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	Identifica, case sempre, en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación....	X	X	X	P2, I2

PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	Expresa, identifica e distingue aceptablemente actividades variadas de rutina, lecer...	X	X	X	P3, I3 P5, I4
PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	Describe aceptablemente unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	X	X	X	P1, I1 P3, I3 P4, I1 P5, I4
PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	Describe aceptablemente e con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.		X	X	P2, I2
PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	Expresa e distingue, case sempre, as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	X	X	X	P3, I3 P5, I4

PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	Diferenza aceptablemente preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	X	X	X	P1, I1 P3, I3 P4, I1 P5, I4
PLEB5.11. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	Esfórzase por estruturar adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.		X	X	P2, I2

PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	Memoriza, a maioría das veces, rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	X	X	X	P3, I3 P5, I4
PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	Comprende e usa, case sempre, adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	X	X	X	P1, I1 P3, I3 P4, I1

					P5, I4
PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	Compara aceptablemente aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	X	X	X	P3, I3  P5, I4
PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	Establece, case sempre, similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	X	X	X	P1, I1  P3, I3 P4, I1 P5, I4

#### 4.6.- 6º E.Primaria

Bloque 1. Comprensión de textos orais					
CONTIDOS: B1.1, B1.2					
ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDIMENTO I: INSTRUMENTO  P1, I1

<p>PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>	<p>Comprende aceptablemente o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	
<p>PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>	<p>Comprende aceptablemente mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>Entende aceptablemente o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P1, I1</p>
<p>PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p>	<p>Esfórzase por identificar o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>



<p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>	<p>Entende, a maior parte das veces, a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>	X	X	X	P1, I1
<p>PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>	<p>Comprende aceptablemente as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>	X	X	X	P1, I1
<p>PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre</p>	<p>Comprende aceptablemente o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre</p>				P1, I1

actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).	actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).	X	X	X	
---	---	---	---	---	--

## Bloque 2. Producción de textos orais

CONTIDOS: B2.1, B2.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDUREMTO I: INSTRUMENTO
PLEB2.1. Fai presentación breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	Fai aceptablemente presentación breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	X	X	X	P1, I1

--	--	--	--	--	--

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

CONTIDOS: B3.1, B3.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO
PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	Comprende aceptablemente instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	X	X	X	P1, I1
PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	X	X	X	P1, I1
PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos	Esfórzase por comprender correspondencia (SMS, correos				P1, I1

<p>electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.</p>	<p>electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	
<p>PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).</p>	<p>Comprende aceptablemente o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, 12</p>
<p>PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.)</p>	<p>Comprende aceptablemente o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.)</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, 12</p>

PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).	Emprega aceptablemente de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).	X	X	X	P2, I2
--	--	---	---	---	--------

#### Bloque 4. Producción de textos escritos

CONTIDOS: B4.1, B4.2

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	Completa aceptablemente un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	X	X	X	P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO  P1, I1
PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	Intenta escribir correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.				P1, I1

lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.				
	X	X	X	

### Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

CONTIDOS: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN  DOS ESTÁNDARES	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV	3ª AV	
					P: PROCEDIMENTO I: INSTRUMENTO
PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	Entende, a maioría das veces, a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	X	X	X	P1, I1  P3, I3
PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	Desenvólvese aceptablemente en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	X	X	X	P2, I2

<p>PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).</p>	<p>Participa aceptablemente en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>
<p>PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p>	<p>Esfórzase por participar nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>
<p>PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>	<p>Compara aceptablemente aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>P2, I2</p>

#### 4.7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES NO MARCO DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Nun escenario de ensino non presencial consideraríanse estándares imprescindibles os da seguinte táboa:

	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES
1º E.Primaria	PLEB 1.2, 2.4, 3.1, 3.2, 4.1, 4.3, 5.12
2º E.Primaria	PLEB 1.2, 2.4, 3.1, 4.1, 5.4, 5.5
3º E.Primaria	PLEB 1.2, 1.5, 2.4, 3.1, 3.2, 4.1, 4.6, 5.3, 5.6, 5.10
4º E.Primaria	PLEB 1.2, 2.1, 2.4, 3.1, 3.2, 4.1, 5.5, 5.13
5º E.Primaria	PLEB 1.2, 2.2, 2.4, 3.2, 4.1, 4.10, 5.5, 5.11, 5.14
6º E.Primaria	PLEB 1.4, 1.6, 2.1, 3.5, 4.2, 5.5

Esta elección de estándares imprescindibles queda suxeita ás condicións en que poida darse a actividade lectiva non presencial. Poderanse traballar os estándares indicados no bloque de comprensión e produción oral sempre e cando o alumnado teña os recursos necesarios para unha conexión dixital de calidade. No caso de que sexa imposible o emprego de videoconferencias ou o seu funcionamento non sexa axeitado, veríamosen na obriga de prescindir tamén dos estándares do bloque de produción oral, e daqueles estándares de comprensión oral e do bloque 5 que esixan a interacción oral directa e inmediata.

#### 5. METODOLOXÍA

Para empezar, hai que facer fincapé nun concepto que nos parece fundamental: o da aprendizaxe significativa. O alumno ten que pasar a converterse en protagonista/centro da súa propia aprendizaxe, desenvolvendo a súa autonomía ao máximo posible. É importante que aprenda a



relacionar contidos e estruturas para poder enfrontarse así a un maior número de situacións comunicativas.

É evidente que se varía o papel do alumno, o papel do profesor ten que variar tamén. Dentro deste marco, o profesor pasa a ser un 'facilitador' da aprendizaxe do alumno. A súa labor consiste básicamente en planificar, seleccionar materiais, suministrar tarefas,... así como observar todo o que se desenvolve na aula para extraer conclusións e axudar ao alumnado a que tamén as extraia.

Unha vez esbozados os cambios de papel aos que nos enfrontamos, é tamén necesario resaltar a importancia de desenvolver unha aprendizaxe funcional, é dicir, unha aprendizaxe na que a lingua e as súas estruturas lingüísticas non son un obxectivo en sí mesmas, senón como medio de comunicación. O alumno deberá poder empregar todo o aprendido en circunstancias reais e é, polo tanto, importante que sexa consciente de que a gramática é un medio para lograr unha comunicación satisfactoria. Para acadar todo o anteriormente citado, haberá que dar a oportunidade aos alumnos de practicar a lingua en circunstancias e contextos o máis parecidos posible aos da vida real.

Íntimamente relacionadas coa idea anterior están as actividades. Estas deben ser evidentemente comunicativas e deben ser precisamente as que permitan esa práctica da lingua da que falabamos anteriormente aos alumnos. É importante ademais que por medio das actividades intentemos aumentar a motivación e potenciar a interacción na aula, para que os xogos, simulacións, etc. poidan converterse en moi útiles. Non debemos esquecer que á hora de levar a cabo estas actividades, e como xa dixemos con anterioridade, o papel central terá que corresponder ao alumno, sendo o profesor o promotor das mesmas, o axudante e o observador que axudará a extraer as conclusións oportunas. As actividades desenvolvidas na aula deben abarcar as catro destrezas e terán que ser consideradas como parte integrante dunha programación, e non como meras actividades de "recheo". Todas elas están baseadas en principios tan coñecidos como a transferencia de información, o oco de información, a información parcelada, a dependencia da tarefa, etc.

O bo desenvolvemento destas actividades obríganos a prestar atención a algúns factores como:

- As instrucións: han de ser claras e precisas; un "fallo" a este nivel pode provocar confusión e desmotivar ao alumnado.

- O espazo dispoñible e o número de alumnos implicados nas mesmas: moitas destas actividades precisan de distintos agrupamentos e movementos na aula.
- A lingua que se emprega na actividade: esta deberá de ser preferentemente a lingua estranxeira obxecto de estudo, para o que é necesario que o alumnado teña o nivel e os coñecementos adecuados da mesma, ou o que é o mesmo, que as actividades non se convertan nun obxectivo "imposible" para o alumnado, senón que sexan unha forma o máis agradable posible de práctica da lingua e das estruturas lingüísticas obxecto de estudo.
- A corrección de erros: en primeiro lugar insistir unha vez máis en que a función básica dunha lingua é a comunicación, polo que a priori o contido será máis importante cá forma, o cal non quere dicir que renunciemos á corrección gramatical pero só que esta terá que levarse a cabo de tal forma que non interrompa a comunicación nin desmotive ao alumno. A corrección será polo tanto, en xeral, unha tarefa a levar a cabo a posteriori, sen interferir na libre expresión do alumno. Neste punto é fundamental o papel do "observador" para o profesor. Ademais é moi interesante fomentar a autocorrección e a participación do alumnado na corrección dos seus propios erros e os dos seus compañeiros.

Por último destacar que na medida do posible o ensino individualizado. Aos alumnos ofertaráselles vías distintas e distintos tipos de actividades para que poidan acadar os obxectivos previstos segundo as capacidades de cada un. Así mesmo, procuraranse adecuar os obxectivos aos coñecementos e capacidades de cada alumno por medio das adaptacións curriculares necesarias, de tal forma que se valoren os progresos de cada alumno dende o seu "punto de partida" e non unicamente o resultado final obtido.

## **5.2. DOCENCIA SEMIPRESENCIAL**

De precisarse a docencia semipresencial, o alumnado recibiría tarefas por vía telemática (correo electrónico e aula virtual) e podería recibir docencia por vídeo conferencia. Organizarase o traballo tendo en conta as limitacións do ensino non presencial. Así, nas sesións presenciais traballarase preferentemente a presentación de novos contidos, primeiras prácticas das estratexias de

comprensión/producción, actividades de expresión oral, e os exercicios que requiran máis interacción con outro alumnado ou monitorización do profesor/a; para o traballo telemático empregaranse aquelas tarefas que o alumnado poida realizar posteriormente con máis facilidade e autonomía, mais contará co apoio do profesor/a vía vídeo conferencia e/ou correo electrónico; de poder realizar sesións por vídeo conferencia, tamén se aproveitarían estas para facer posta en común, corrixir e comentar tarefas previas.

### **5.3. DOCENCIA NON PRESENCIAL**

De precisarse a docencia non presencial, as canles empregadas serán principalmente a plataforma de vídeo conferencia que previsiblemente proporcione a Consellería de Educación, correo electrónico e aula virtual do centro. Ademais dos recursos didácticos e material habituais, empregaranse con máis frecuencia documentos compartidos, sitios web de interese, e aplicacións educativas para o deseño de contidos e actividades (Navio, Macmillan etc.). En canto á celebración de probas e exames e á entrega de traballos, de non recibir instrucións da Consellería noutro sentido, realizaríanse polas mesmas canles empregadas para o ensino telemático, coas que o alumnado estaría familiarizado.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **6.1. MATERIAIS CURRICULARES PARA O PROFESOR**

Steps Into English 1, 2, 3 Ed. Macmillan: guía do profesor, material complementario, libro do estudante e caderno de actividades en formato papel, dixital, material audio e vídeo.

Steps to English 4 : material complementario, caderno de actividades, material audio.

Plataforma Edixgal 5, 6: libro do estudante e caderno de actividades en formato dixital, material audio.

### **6.2. MATERIAIS CURRICULARES PARA O ALUMNADO**

Steps Into English 1, 2, 3 Ed. Macmillan: libro do estudante e material audio e vídeo.

Caderno de actividades 4º, material de audio, vídeos.

Plataforma Edixgal 5, 6: libro do estudante e caderno de actividades en formato dixital, material audio.

### 6.3. OUTROS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Material de elaboración propia

Material audiovisual e recursos en internet

Material de reforzo e ampliación

Dicionarios

Libros de gramática

Libros de exercicios de gramática e vocabulario

Libros e material de audio para exercicios de reading, listening, speaking and writing

Artigos de revistas e prensa

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Anéxanse os criterios de avaliación aos que fan referencia as siglas recollidas nesta programación didáctica.

### 1º E.Primaria

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3., B1.4.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.3.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10, B5.11, B5.12.

### 2º E.Primaria:

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3., B1.4.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.3.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10, B5.11, B5.12, B5.13, B5.14, B5.15.

### 3º E.Primaria:

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.3.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10. B5.11, B5.12, B5.13, B5.14.

#### 4º E.Primaria:

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3, B2.4.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.3, B4.8.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10. B5.11, B5.12, B5.13.

#### 5º E.Primaria:

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3, B2.4.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.7, B4.8.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10. B5.11, B5.12, B5.13, B5.14. B5.15, B5.16, B5.17.

#### 6º E.Primaria:

Bloque 1. Comprensión de textos orais: B1.1, B1.2, B1.3., B1.4.

Bloque 2. Producción de textos: expresión e interacción: B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción: B4.1, B4.2, B4.3, B4.8.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural: B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10. B5.11, B5.12, B5.13, B5.14.

## 7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ESTÁNDARES	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS	% NAS NOTAS DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (Listening)	P-Probos escritas de comprensión de textos orais I-Rexistro cuantitativo das probas.	20%
Produción oral (Speaking)	P-Probos de expresión oral individuais e de interacción I-Rúbrica e rexistro das probas.	20%
Comprensión escrita (Reading)	P-Probos escritas de comprensión lectora I-Rexistro cuantitativo das probas.	25%
Produción escrita (Writing)	P-Probos de produción escrita	25%

	I-Rúbrica e rexistro das probas.	
Actividades de aula	P-Observación do traballo, intervencións e actitude cara a lingua do alumno/a  I-Rexistro cualitativo e/ou cuantitativo	10%

### 7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE



Indicadores de logro		Niveis de logro			Observacións: modificacións e propostas de mellora
		Alto	Medio	Baixo	
<b>Obxectivos</b>	Están correctamente fixados e asociados aos contidos				
<b>Contidos</b>	Inclúense todos os necesarios				
	Están secuenciados adecuadamente				
<b>Temporalización</b>	Determinouse con precisión				
	Respectouse a distribución temporal dos				

	contidos				
	Respectáronse as actividades programadas				
	Respectáronse os exames programados				
<b>Criterios de avaliación</b>	Os criterios de avaliación son claros				
	Formula diversos instrumentos de avaliación				
	Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos				
	Os criterios de cualificación están ben definidos				
	Establecéronse os mínimos esixibles				

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	Presentan claridade e concreción				
	Están correctamente interrelacionados cos criterios de avaliación e cualificación				
	Adáptanse perfectamente á xeneralidade do alumnado				
<b>Competencias básicas e competencias clave</b>	Están perfectamente recollidas e interrelacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe				
<b>Contidos mínimos exixíbeis</b>	Están perfectamente concretados e ben clarificados				
<b>Metodoloxía didáctica (recursos)</b>	É a adecuada tanto para ESO como bacharelato				
	Hai variedade de actividades integradoras no currículo				
	Detalláronse todos os				
	recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.				
	As estratexias metodolóxicas son as axeitadas				
<b>Atención á diversidade</b>	A programación das medidas de atención á diversidade foron as correctas				
	Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade (RL, ACI...)				

	Recóllese a coordinación con outros profesionais (departamento de orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.				
--	--	--	--	--	--

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E RECUPERACIÓN

### 9.1. RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

Posto que os contidos dunha lingua estranxeira non se poden fragmentar, nas probas de cada avaliación inclúense necesariamente contidos das avaliacións anteriores. Todo o alumnado que supere estas probas terá superadas a/as avaliación/s anterior/es.

### 9.2. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Ao comenzo do curso recábase toda a información académica sobre o alumnado repetidor (traballo, dificultades, carencias, etc.).

Esta información xuntárase coa obtida despois de realizar a avaliación inicial e, a continuación, deseñáranse uns plans personalizados que consisten en fichas de reforzo segundo as destrezas que cada alumno teña que reforzar.

### 9.3. SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación da materia pendente, o profesorado que lle imparte clase no curso actual encargárase de proporcionarlle material de reforzo.

A superación da materia no curso en que o alumno está matriculado supón a superación da materia pendente, por considerarse esta unha materia con contidos progresivos.

#### 9.4. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Na primeira quincena do curso realizarase unha avaliación inicial para saber os coñecementos previos do alumnado en particular e do grupo en xeral. O resultado da avaliación será tido en conta para proporcionarlle ao alumnado material de apoio e repaso.

### 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

O centro conta cun Plan de orientación que forma parte do PCC e que inclúe medidas coordinadas a nivel do mesmo. A partir deste plan aplícanse as medidas específicas segundo os diversos casos concretos.

As características do alumnado, diferentes intereses, motivacións e adquisicións de capacidades, determinan a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

Se ben na E. Primaria xa se lle dedica especial atención a aquel alumnado que por distintas causas presenta maiores dificultades de aprendizaxe e se lle respecta o seu ritmo de traballo e se lle aporta material adecuado a fin de reforzar o traballo do alumnado que demostra certas capacidades cara un maior afondamento na análise de conceptos. Deste xeito, para que todo o alumnado poida conseguir as finalidades da E. Primaria, é dicir adquirir as competencias básicas que están baseadas nos estándares de aprendizaxe avaliáveis, debemos ter en conta os seguintes puntos:

- Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais.
- Procurarlle ao alumnado ritmos de traballo diferentes.
- Reforzar o traballo daquel alumnado que demostre capacidade cara a un maior afondamento na análise dos conceptos.

- Facilitar axuda a aquel alumnado que presente dificultades na aprendizaxe.

A tal fin, levaranse a cabo unha serie de accións na aula para faciliatarlle ao seu alumnado a consecución destes devanditos puntos.

- Propoñeranse distintas actividades para o alumnado segundo as súas necesidades ou capacidades.
- Faranse agrupamentos entre alumnado para que o alumnado máis preparado axude ao alumnado que teña máis dificultades.
- Elaboración de fotocopias con actividades de reforzo.
- Elaboración de fotocopias con actividades de ampliación.
- Adaptación Curricular, se fora preciso.

## **11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

A práctica da aula reproduce de forma continua temas e vivencias do mundo exterior, ofrecéndolle ao profesorado a posibilidade de incorporar o tratamento xeral dos temas transversais no propio ritmo da clase e de facelos emanar de forma natural das actividades lingüísticas que se desenvolven día a día, de tal xeito que non supoñan para o profesor unha actividade illada e sen coherencia didáctica. O ambiente que se cree na aula debe facilitar por si mesmo unha educación moral e cívica fundamentada no respecto, no diálogo e na autocrítica do alumnado que forma parte da comunidade grupal e escolar. Nesta liña, facemos fincapé a continuación nos contidos transversais cos que se traballará en todos os cursos adaptándose ao seu nivel e madurez.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica traballaranse en todas as materias.

A maiores, hai contidos transversais que forman parte integral da materia como son:

- A educación non sexista
- Respetar as distintas normas que rexen as sociedades.
- Amosar tolerancia polas distintas personalidades e costumes.
- Os animais e espazos naturais en perigo. A importancia de coidar o medio ambiente. O aforro de enerxía e a reciclaxe.
- Concienciación sobre un consumo responsable.
- A solidariedade como ben fundamental.
- Respeto polas tradicións e cultura dos pobos.
- A saúde. Importancia do exercicio físico, a dieta.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS**

As **actividades complementarias** que se levan a cabo no centro con carácter xeral e de forma conxunta, sempre que as circunstancias o permitan, son:

- Magosto
- Día do peón
- Samaín

- . Carreira solidaria.
- . Festival do Nadal
- . Día da Paz
- . Día da lingua materna
- . Día de rosalía de Castro
- . Entroido
- . Mes da poesía e teatro
- . Semana do libro
- . Letras Galegas
- . Participación en ofertas de contacontos, títeres, talleres,...
- . Festival de fin de curso.

Tamén se realizarán as conmemoracións que aparecen na Orde do 19 de maio de 2021.

As **actividades extraescolares** con carácter xeral

- . Saídas a concertos e obras de teatro
- . Participación en diferentes ofertas que aparecen ao longo do curso
- . Excursión de fin de curso.

### **13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A revisión e avaliación da propia programación realizarase por medio dos seguintes indicadores:

- Competencias básicas
  
- Obxectivos
- Contidos
  
- Temporalización
  
- Grao mínimo de consecución
  
- Probas de coñecementos previos
  
- Criterios de avaliación
  
- Estándares de aprendizaxe avaliable
  
- Competencias básicas e competencias clave
  
- Metodoloxía
  
- Recursos didácticos
  
- Recuperación de pendentes
  
- Actividades de recuperación
  
- Atención á diversidade
  
- Fomento da lectura
  
- Fomento das TIC



- Fomento da convivencia

En función das consideracións contempladas na revisión, tomarase a decisión de incorporar melloras na programación de cara ao seguinte curso.